

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2021/2022

Normativa reguladora máis relevante: [RD 1393/2007](#) polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo [RD 861/2010](#); [Decreto 222/2011](#) polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo [Decreto 161/2015](#), [Orde do 20 de marzo de 2012](#) pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 22 de xaneiro de 2020.

Denominación do título de Máster proposto	MÁSTER EN DEREITO DE EMPRESA POLA UNIVERSIDADE DE VIGO
Centro de impartición na UVIGO	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Obxectivos do título	Ofertar formación especializada no eido das cuestións xurídicas máis relevantes que afectan ás empresas
Data da xunta de centro na que se aproba a proposta	17-2-2020
Persoa de contacto no centro	Nome: Ana María Pita Grandal / Luis Miguel Muleiro Parada
	Email: apita@uvigo.es / lmuleiro@uvigo.es
	Teléfono: 986 81 38 92 / 986 81 40 63
É a proposta unha unión/refundición ou modificación de oferta xa existente?	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
	Se se trata dunha unión/refundición de títulos, indicar nome/s do/s título/s de orixe:
	Se se trata dunha modificación dun título existente, indicar nome do título de orixe:
É a proposta un título de Máster ligado a competencias profesionais reguladas	<input checked="" type="checkbox"/> Non
	<input type="checkbox"/> Si, indicar profesión regulada:
É unha proposta de carácter interuniversitario?	<input checked="" type="checkbox"/> Non
	<input type="checkbox"/> Si, indicar universidades participantes, con indicación expresa da universidade coordinadora:
Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si
Cumpre os requisitos específicos para títulos de máster recollidos no artigo 5 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais?	<input type="checkbox"/> Non
	<input checked="" type="checkbox"/> Si. Indicar cales: <ul style="list-style-type: none"> - Orientación laboral e práctica. - Xustificar o apoio e colaboración de empresas e institucións do ámbito socioeconómico. - Ter garantidas as prácticas do estudiantado. - Cubrir a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral.

Incluír unha breve aínda que precisa descrición da necesidade, interese e obxectivos do máster e a súa adecuación aos requisitos que figuran artigo 4 do Decreto 222/2011

O Máster en Dereito de Empresa é unha titulación necesaria e que acadada todo o interese na Universidade de Vigo. A vinculación co ámbito empresarial das titulacións de grao que se imparten na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo mostran a importancia de ofrecer aos estudantes un título de posgrao no que teñan a oportunidade de desenvolver os seus coñecementos e habilidades no campo da xestión legal das empresas orientadas ao seu asesoramento e favorecendo o progreso da nosa sociedade.

A titulación proposta ten un gran interese académico para dar resposta á demanda real de graduados en Dereito, ADE-Dereito, Relacións Laborais e incluso en: Economía ou Comercio. Ademais, hai que ter en conta a importante demanda de despachos especializados de posgraduados cualificados segundo os seus requisitos de funcionamento. Neste senso, é fundamental formar ao estudantado para analizar problemas, integrar coñecementos e detectar as implicacións que, en relación coas diversas áreas do Dereito, especialmente desde a perspectiva do Dereito Mercantil e Tributario, poden derivar de cada circunstancia ou problema específico. as empresas. A este interese académico, engádese un interese científico e profesional. A xustificación científica da titulación está avalada pola presenza de grupos de investigación e importantes liñas de investigación na Universidade de Vigo, especialmente no Dereito Mercantil e Tributario, especificamente vinculados ao ámbito do Dereito Empresarial. De igual xeito, o título alcanza todo o interese profesional posto que se pretende formar a futuros profesionais cunha base sólida nas cuestións xurídicas relativas á empresa, posibilitando a súa a profesionalización nas temáticas máis relevantes e actuais. Efectivamente, o exercicio profesional no ámbito da asesoría xurídico-empresarial esixe un nivel de formación especializado que non se alcanza cos estudos de Grao. En orde a elo, é necesario unha titulación de orientación claramente práctica que dispoña da colaboración na docencia e prácticas das firmas de despachos máis relevantes do noso territorio, quen dende sempre teñen apoiado esta oferta académica.

O título proposto é estratéxico tanto para a Universidade de Vigo como para os Despachos de Asesoría de Empresa, debendo engadirse que son moitas as empresas da área de influencia de Vigo que demandan profesionais especializados neste ámbito. Aquí tamén debemos lembrar que na cidade olívica atópase a zona máis industrializada de Galicia e que presenta un moi amplo nivel de implantación de empresas. Todo iso delimita unha contorna académica, profesional, económica e social totalmente idónea para esta oferta académica formativa.

- A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de MÁSTER que se pretendan implantar no 2021/2022 é o **20 de febreiro de 2020**.
- Enviar a verifica@uvigo.es